

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201400003497
20/02/2014 10:54:25

RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE FEBREIRO DE 2014 POLA QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS Á INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA

A Universidade de Vigo ten como un dos seus obxectivos a promoción da lingua galega nas actividades de formación e de investigación, tal como se recolle nos seus estatutos e no Plan de política lingüística. Tendo en conta este obxectivo de incentivar o uso da lingua galega e tendo moi presente a demanda existente na nosa universidade de axudas para este tipo de actividades, faise pública esta convocatoria de axudas para a redacción e defensa en lingua galega de teses de doutoramento, teses de licenciatura, traballos de investigación tutelados de terceiro ciclo, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos fin de carreira.

Esta reitoría:

En virtude das facultades que lle outorgan a a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro modificada pola Lei 4/2007 do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade, e de acordo coa resolución do 5 de setembro de 2011 de delegación de competencias.

RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de axudas á investigación en lingua galega para o estudiantado da Universidade de Vigo
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios dos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.
3. Os fondos destinados a pagamentos destas bolsas corresponderán á aplicación orzamentaria 20140000421SNLI 482.99 (Normalización Lingüística).

4. As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura no anexo e estarán dispoñibles en calquera dos rexistro e no seguinte enderezo web: <http://anl.uvigo.es/>. O prazo de solicitude rematará ás 14.00 horas do 30/09/2014.

Esta convocatoria realízase ao abeiro do convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a promoción da lingua galega, de acordo coas seguintes bases.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, segundo o disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data nos rexistros desta universidade.
Vigo, 20 de febreiro de 2014

A secretaria do reitor



Carmen Estévez Caamaño

BASES DA CONVOCATORIA

1. PERSOAS DESTINATARIAS

Pode acceder a estas axudas o alumnado da Universidade de Vigo que realice a redacción e defensa da tese de doutoramento, da tese de licenciatura, do traballo de investigación tutelado de terceiro ciclo, do traballo de fin de mestrado, do traballo de fin de grao ou do proxecto de fin de carreira en lingua galega ata o 30 de setembro do 2014. Tamén se inclúen nesta convocatoria as solicitudes que foron presentadas nos meses de outubro, novembro e decembro de 2013 e que non foron incluídas na Resolución do 12 de abril de 2013.

A pesar do que se comentou no parágrafo anterior, quedan excluídas desta convocatoria as solicitudes de estudantes de Filoloxía Galega e Tradución e Interpretación (Lingua A: Galego), dada a natureza dos seus estudos e o seu compromiso lingüístico.

2. OBRIGACIÓNS

A tese de doutoramento, a de licenciatura, o traballo de investigación tutelado de terceiro ciclo, o traballo de fin de mestrado, o traballo de fin de grao ou do proxecto de fin de carreira estarán redactados integramente en lingua galega de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica actual

3. CONTÍA DAS AXUDAS

As persoas que realicen os seus traballos en lingua galega poderán obter unha subvención para os gastos de elaboración do traballo como o fotocopiado e a encadernación.

A contía das axudas distribuirase do seguinte xeito, ata un máximo de:

- 600 euros para as teses de doutoramento.
- 150 euros para as teses de licenciatura e os traballos de investigación tutelados de terceiro ciclo.
- 100 euros para os traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira.

Durante a vixencia desta convocatoria cada persoa só poderá recibir a axuda por un dos conceptos que nela se recollen

O importe global do conxunto das axudas será de 8000 euros para este ano, con cargo á aplicación orzamentaria 2014 0000 421SNL 482.99 de Normalización Lingüística.

Dos 8000 euros de importe global, 3500 achégaos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do Convenio de Colaboración en materia de normalización lingüística que asinan anualmente a Consellería e a Universidade de Vigo.

4. SOLICITUDES, CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

O prazo de presentación remata o 30 de setembro de 2014 e irán dirixidas ao reitor segundo o modelo de solicitude que se acompaña no anexo I.

As solicitudes presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo sempre con posterioridade á lectura e defensa do traballo (tese de licenciatura, traballo de investigación tutelado de terceiro ciclo, traballo/proxecto de fin de carreira e traballo de fin de mestrado) e virán acompañadas da documentación que figura no devandito anexo I xunto cunha copia impresa ou electrónica do traballo (programa ou aplicación estándar).

A concesión da axuda farase unha vez que se comprobou que a persoa solicitante reúne os requisitos esixidos. Se con posterioridade se comprobase a inexactitude ou falsidade da documentación e dos datos declarados, producirase a revogación automática da axuda e a reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

A resolución farase nun prazo máximo dun mes desde o remate do prazo de presentación de solicitude, e comunicarse por medio da publicación da resolución nos taboleiros de información da Universidade de Vigo e por medio da páxina web da Área de Normalización Lingüística

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

MODELO DE SOLICITUDE (anexo I)

Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome		NIF	
Enderezo			
Concello		Provincia	Código postal
Teléfono/s de contacto		Correo electrónico	

Expoño:

Que con data _____ realicei e defendín en lingua galega o traballo seguinte (marque cun *x* a cela correspondente):

<input type="checkbox"/>	Tese de doutoramento	<input type="checkbox"/>	Traballo de fin de grao
<input type="checkbox"/>	Tese de licenciatura	<input type="checkbox"/>	Proxecto de fin de carreira
<input type="checkbox"/>	Traballo de fin de mestrado	<input type="checkbox"/>	Traballo de investigación tutelado

Co título de:

--

En:

Escola/Facultade
Departamento

Solicito:

Que se me conceda a axuda establecida na convocatoria e que se ingrese na conta bancaria que figura no anexo I.

Para estes efectos achego os seguintes documentos (marque cun *x* a cela correspondente):

<input type="checkbox"/>	Certificación académica dos estudos de terceiro ciclo (teses de doutoramento e TTT)
<input type="checkbox"/>	Declaración do/a director/a do traballo en que se fai constar que a súa defensa se fixo en lingua galega
<input type="checkbox"/>	Un exemplar do traballo en versión electrónica
<input type="checkbox"/>	Modelo de solicitude de pagamento cuberto que se xunta con este impreso (anexo I)
<input type="checkbox"/>	Unha copia do NIF

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que todos os datos que figuran neste formulario son certos e que acompaño os documentos que se sinalan.

_____, ____ de _____ de _____
(sinatura)

Asdo:

SR. REITOR

DECLARACIÓN

Don/dona....., docente do
Departamento de da
Facultade/Escola como
director/a/titor/a do traballo de investigación de don/dona
.....

FAGO CONSTAR:

Que don/dona con NIF
....., redactou e defendeu, integramente en galego, o día .../...../..... o
traballo titulado¹

Para que conste, para os efectos oportunos, asino este certificado.

Vigo/Ourense/Pontevedra, de de 2014

(sinatura e selo do departamento)

¹ Especifique o tipo de traballo (tese de doutoramento, tese de licenciatura, traballo de investigación tutelado, traballo de fin de mestrado, traballo de fin de grao ou proxecto fin de carreira).